

En el Seminario Mindoniense

Juan Bestard dirigirá en septiembre una convivencia sacerdotal sobre la corresponsabilidad en la iglesia

Lugo (Redacción). Los días 17 y 18 de septiembre se celebrará en régimen de internado en el Seminario Diocesano de Mondoñedo una convivencia sacerdotal dirigida por el director del secretariado de la comisión episcopal de pastoral, Juan Bestard, que girará sobre el tema de la corresponsabilidad en la iglesia, a todos los niveles.

Para anunciar la celebración de dicha convivencia el obispo de Mondoñedo - Ferrerol, Miguel Angel Araújo, dirigió una carta a los sacerdotes de la diócesis en la que dice: «Os escribo esta carta para comunicaros una buena noticia. Por lo menos, esa es mi opinión y confío que vosotros así la recibiréis. Después de haber consultado con el consejo presbiterial, hemos decidido celebrar, por espacio de dos días, una convivencia de todos los sacerdotes diocesanos, a la que desde ahora os invito con

el máximo apremio por mi parte. Sin duda que inmediatamente os estaréis haciendo esta pregunta: ¿Para qué? Mi primera respuesta a vuestro obvio interrogante sería esta: para convivir, compartir, dialogar, encontrarnos, orar y celebrar nuestra fe juntos, reconocernos. Tenemos la impresión de que, dada la estructura geográfica de nuestra diócesis, algunos de vosotros ni os conocéis y otros, no pocos, hace tiempo que no os habeis visto».

Monseñor Araújo recuerda que «este simple hecho de un encuentro fraterno tendría ya en sí mismo un alto valor positivo y merecería un esfuerzo por parte de todos, que resultaría gratificante. Si queremos fortalecer la unidad y la comunión de nuestro presbiterio diocesano es necesario que nuestras relaciones humanas e interpersonales sean cada día más frecuentes y más solícitas.

Estado de abandono de A Ponte do Pasatempo, cerca de Mondoñedo

Mondoñedo (Corresponsal). La famosa Ponte de O Pasatempo, que la tradición señala como lugar donde fue retenida la mensajera familiar que regresaba a Mondoñedo con el indulto de los reyes de Castilla para el mariscal Pardo de Cela, actualmente se halla en estado de abandono. Está cubierta de zarzas y ortigas, con piedras derruidas sobre el cauce del río y al borde del camino, desde hace más de dos años los vecinos de Mondoñedo han comunicado este estado de abandono al alcalde para que transmita la inquietud a la Comisión Provincial de Patrimonio Histórico Artístico.

Hoy, a la una de la tarde, se

rendirá en Mondoñedo un homenaje a Manuel Ledo «O Pallarego», popular personaje que fomentó e impulsó la música popular. Dio clases de música en una barbería de su propiedad, así como en tal lugar se celebraron refrescantes tertulias con relevantes personalidades, tales como Cunquero y Díaz Jácome. A la citada hora harán una ofrenda floral en el cementerio municipal. A las ocho, en el salón de actos del Instituto de Bachillerato interviendrá como conferenciante el cronista oficial de Mondoñedo, Xosé Díaz Jácome. A continuación habrá un concierto a cargo de los miembros de la antigua rondalla.

LEMBRADOIRO

Recordo e homenaxe

Por XOSÉ DIAZ JACOME

Por fin chegou o día en que os que foron alumnos do mestre Ledo Bermúdez —«Pallarego» prós amigos— lle van a rendir un merecido homenaxe póstumo a quen lles ensinou a soñar por medio da música. Dentro dunhas días celebraránse en Mondoñedo varios actos recordando ó músico-barbeiro que xa figura na lista de músicos mindonienses que enriquecen a tradición da cidade que pastorea San Rosendo desde o cumio da Catedral.

O mestre Ledo foi un tipo moi interesante, non sólo como músico, senón tamén como corresponsal de prensa e, sobre todo, como propiciador da tertulia máis «intelectual» de Mondoñedo, pois na súa barbería reuníanse rapaces que máis adiante chegarían a ser figuras das Letras Galegas. Ali, mentras o «Pallarego» rapaba barbas, discutíase sobre os últimos libros editados en Galicia sobre poesía. Xuntábanse naquel corruncho da cultura nada menos que Cunquero, Iglesia Alvario, Santeiro, Trapera, Díaz Castro... E máis dunha vez apareceu pola barbería Noriega Varela e Crecente Vega, Lafuente, Lence-Santar, cando a conversa subía de tono, os tertulianos salían á rúa a discutir. Si era de vrán, a parola solía acabar de madrugada... E todo isto nacia na barbería daquel homiño inqueido, intelixente e boa persoa, a quen agora se lle vai a rendir un homenaxe de gratitude e lembranza. Xungaremonos os vellos amigos e os que foron seus alumnos, que volverán a facer soar os instrumentos da rondalla en honra do seu mestre. Será como volver a vivir unha emoción ilusionada, despois de moitos anos de silencio. E poderemos ollar coa imaxinación a figura miada do «Pallarego» dirixindo o concerto do seu homenaxe, co diapason nos beizos...

Xosé Díaz Jácome es cronista oficial de la ciudad de Mondoñedo.

A Terra Cha: Creencias, bruxerías e supersticións (I) A fuxida realidade da lagoa de Valverde

Por XOSÉ MANUEL CARBALLO

Unha vez tiven a sorte de escoitar de boca do mesmo Cunquero aquela súa definición de Galicia como «País de creadores en encantos e meigas e trasnos e tesouros escondidos». A Terra Chá, esta meseta de cento vinte e cinco mil fanegas aínda nunca ben deslindadas, por algo escollida para berce do Miño, que coma todo neno pequeno precisa nos seus primeiros pasos de molciños cómaros e espellados horizontes, non é filla espúrea desta Nai-Terra. No tocante a creencias, tíralle á nai na maioría, pero tamén tén os seus rasgos propios e diferenciados, que tentarei de salientar nestas liñas.

A Terra Chá encantos non lle faltan. Hainos ó pé de calquera fonte, de calquera río ou en calquera dos corredores soterrados dos seus mil castros. O mesmo pode un atoparse cunha fermosísima «señorita» peiteando os seus dourados cabelos con peite de ouro na fonte das Covas entre Santa Looçia e Samartinho de Goberno, ca cunha cobra de arriepante asubío, á que os mellores escopetas do contorno non conseguiron abater porque era o mesmísimo demo, nunha tremas de Bazar, ca incluso, cunha galinha con pitos que se esfuma súpetamente sen deixar tempo a deci-la fórmula máxica de desencantar, no castro de Duarría. Ben sei que galinhas encantadas hainas en caseque tódolos castros e no corazón fragoso de montes carballeiras, pero en Duarría haina tamén, que eu falei aínda non haberá cousa dun mes con quen a víu varias veces.

Lagoa de Valverde

Con todo, se tivéssemos que chufar de encantos os chairegos, chufaríamos en primeiro lugar do encanto de toda a Chaira e en segundo, das once mil vírxenes e once mil cantantes que, coa metade do corpo de fóra e a outra metade na auga, cantaban noite e día na lagoa de Caque. A lagoa de Caque era, segundo o pseudo Servando, a mesma de Santa Cristina, de Vería, de Valverde, de Cospeito ou de Navalverde. Repare o lector en que non sería doado atopar meirande variedade de nomes para unha realidade que xa deixou de ser, para desacougo de poetas.

Teño que confesar que a min xa non me tocou ver nos meus días a ningunha das once mil vírxenes nin das once mil cantantes. Tiven coñecimento delas por un antepasado meu, valuro el, que chegaba pedindo deica a Guardia para sustentar a tanta virxe e cantante. Aínda, nunha desas súas viaxes tivo problemas, coma moitos máis valores, co bispo de Tui Frai Xoán de Villamar; claro que, segundo informes de Iglesias Alvario, os valores en xeral téñense pasado aínda ben no asunto de pedir, de prometer curacións milagreas para persoas e animais, de enfeitizar e desenfiteizar e doutrinas chilindrinas máis; anque tampouco creo que se poida afirmar sen outra cousa, como fixo Murguía, que eran a xente máis ruín de Galicia. Nunca se pode xeneralizar dese xeito.

Pero volviendo ó caso da Lagoa de Santa Cristina que anainaba nas súas augas calmas tanto encanto a maiores da cidade asulgada de Vería, é triste que un organismo estatal que non estaba por cantigas de vírxenes —os or-

ganismos estatuas case nunca están por cantigas de vírxenes—, decidise descalca. Foi un día ben desgraciado o día de tal decisión, porque, anque andando o tempo tentasen de volve-la a encher en parte, fuxiu para sempre o encanto. Xa nunca máis se escoitará alí no fondo das augas aquel arriepante bruido dunha vaca descomunal, ou do infernal dragón ó que decapitara Molina xa aló polo mil cincocentos cincuenta. Non voltarán a repenicar as campás afundidas co resto da cidade ó unsono coas de Paladraú de Francia. Endexamais ninguén terá a sorte que tivera Cunquero —e así o manifestou en pública declaración diante do bispo Argaya—, de senti-la fruízón do arrechouchío dos paxariños, resucitados por favor especial de Nosa Señora do Monte, aló no fondo daquela lagoa da que as xentes vecinas creían que non tina fondo.

Meigas habelas hainas

Na Terra Chá, meigas habelas hainas; anque xa houbo máis das que hai, gracias a Deus. Con todo, eu que aínda non son vello, coñecín máis dunha ducia, das que non darei datos concretos por medo a que poidan ser recoñecidas e condenadas pola xusticia popular. A que máis me tén desencougado era unha do axuntamento de Pol que gastaba velida no ollo dereito para ver só co esquerdo. ¡Facía as que non se escriben! O mesmo poña a moscar unha parella de vacas cargadas con barro de herba seca, ca lle metía unha disinteria mortal a un cuxo cando non se lle adiantaba alguen a decir «Sanantoño o defende», ca facía secar unha figueira con só fitala atravesado. Pero tamén lle chegou o seu día; porque unha vez que lle fixo secar dous carteróns a unha vaca dun veciño soamente con apaxearllos, levou unha boa somanta en diferido.

Resulta que tan presto os donos da vaca caeron na conta de que fora a meiga a causante das doenzas e enfraquecemento da xuvenca, consultaron con outra non de moi lonxe que botaba as cartas e de esta recomendoulles facerse un mandil da devandita meiga, pechase por dentro na casa e zorrégas paus a cito no mandil, acompañado cada ducia de paus con «Padrenuestro» e unha «Avemaría» e de cando en vez, asperxar auga bendita con ramalíño de loureiro tamen bendito. Aínda non chegaran ó noveno «Padre-

nuestro» —que o nove é número de perfección para tódalas cousas serias coma toma-los baos—, xa estaba a meiga á porta pedindo polas ánimas de tódolos que se foran da casa que nona torturasen máis.

Souben doutra de cerca de Samarugo —onde se deu culto ó sol e á lúa—, que era meiga chuchona e mantíñase á conta dunha cabra dun veciño, na que mamaba polas noites en corpo de cobra, e desque os da casa venderon a cabra no feirón de Vilalba, a cousa aínda foi a peor; porque a meiga seguía xugando nunha moza que estaba criando e a pouco máis morre a criatura por desnutrición. E de destacar que tan presto a meiga se poña a chuchar, adormecían mansamente tanto a cabra como a moza.

Mal de ollo

As meigas de por aquí teñen case todas o mal ollo, adquirido unhas veces por herdamento, outras por nancia e algunhas tamén por mirar para atrás no intre sagrado da consagración. Pero o asunto do mal ollo non é patrimonio exclusivo de meigas, que temme falado meu pai, Deus o teña na gloria, dun frade de Lourenz que viña moito por aquí, e que o tiña tamén. Este frade, moi bon home por certo, adquirírao sen el querer e, como polo visto non quería facer mal uso dese poder, andaba co ollo en cuestión sempre tapado cun capizo tirante a bermello.

Aproveito para decir que nesta comarca da Chaira o máis eficaz contra o mal de ollo e contra as «envidias» é unha lasquinha da pedra de ara: pero non todos poden dispoñer de amuleto tan apreciado e por iso aínda hai moitos que se siguen dando co dente de xavari, cos ollosmaos, cos cornos de vaca loura ou co cordón de San Francisco.

As meigas da Chaira que non dispoñían de medios ou que non chegaran a unha basoira con autonomía de voto bastante para acudir en os aquelarres de Sevilla ou do areal de Cangas, xuntábanse a noite de San Silvestre, a de San Xoán e algún que outro sábado nas Olgas de Prevesos e nos lameiros de Loentia. Ora que, que ninguén se chame a engaño, porque tamén tivemos algunha de moita ascendencia, tal coma aquela do lado de Rábada, filla de boa familia, que foi dous anos consecutivos presidenta do Conciábulu de bruxos de Walpurgis.

El próximo sábado serán fallados los concursos de «Meigas e Tragos»

Lugo (Redacción). El próximo sábado, sobre las siete y media de la tarde, será dado a conocer públicamente el fallo de los tres certámenes de pintura, literatura y fotografía convocados por la Asociación Cultural sarriana «Meigas e Tragos», con motivo de «A noite Meiga».

El plazo para la presentación de trabajos todavía no ha finalizado; para las categorías de pintura estará abierto hasta mañana, y el de fotografía hasta el viernes. En el día de ayer fueron contabilizados entre 30 y 40 obras literarias, tanto de prosa como poesía,

otras 30 pinturas y aproximadamente 20 fotografías números que podrán verse sensiblemente aumentados en los últimos días. Cabe señalar que a diferencia de otros años en el apartado de fotografía predominan las obras de autores gallegos, caso poco común en anteriores ediciones.

Una vez conocido el fallo del jurado, compuesto en cada sección por tres miembros, procedentes de La Coruña, Lugo, Santiago y Orense, procederán a la inauguración de la VII Bienal de Pintura y a la del XIII Certamen fotográfico.

Durante los 8 meses que van de año se firmaron 34 convenios para 21.140 trabajadores

Lugo (Redacción). A mediados del octavo mes del año el balance de la negociación colectiva efectuado por la unión provincial de CC. OO. contabiliza la firma de 34 convenios, que afectan a unos 21.140 trabajadores. De ellos 17 convenios son de sector y quince de empresa, aparte de dos acuerdos sin rubricar. Aun faltan once convenios, de pequeña incidencia, salvo los de comercio textil de unos mil trabajadores y el de Exmínesa, con quinientos. «Este año hubo una mayor agilidad en la firma de los convenios —cita CC. OO.— aunque aún tenemos que constatar cierto retraso: en la misma fecha el año pasado se habían firmado tres acuerdos menos, sin embargo afectaban a muchos me-

nos trabajadores. De todas formas para el año próximo hay que agilizar mucho más aún la negociación».

Con tal pretensión de agilización de las negociaciones de los convenios, la unión provincial de CC. OO. tiene previsto realizar en el próximo mes de octubre unas jornadas de acción sindical para abordar la negociación colectiva del 85.

El citado sindicato menciona el incremento salarial experimentado en la provincia, situado en torno al 7,03 por ciento, que supera en medio punto al establecido por el Gobierno en los Presupuestos Generales del Estado. Los convenios que menos han subido han sido el del sector de la construcción, con un seis por ciento.

Treinta mozos del reemplazo del 85 y uno del 79 fueron declarados prófugos

Lugo (Redacción). Treinta mozos del reemplazo de 1985 y uno de 1979, pertenecientes a la caja de reclutas número 841 de Lugo, han sido declarados prófugos, según publica el Boletín Oficial de la provincia de ayer. La mayor parte de ellos pertenecen al Ayuntamiento de Lugo. Sus nombres son: Crespo Gutiérrez, Ricardo; Duro Fernández, Ricardo; Fernández Gorgoso, Luis; González Marco, Manuel; Iglesias Fernández, Miguel; López López, Miguel; Pérez Alonso, Jesús; Poveda Nieto, Luis; Quintián Lobato, Francisco; Sánchez Arias, Enrique; Sanz Rodríguez, Manuel; Taboada Arriba, Francisco; Vilas Ravasi, Julio y Yáñez Sampayo, Héctor, todos ellos del reemplazo de 1985. También fue declarado prófugo Pérez Sanmartín, Miguel, del reemplazo de 1979.

El resto de los mozos considerados prófugos según el artículo 382 del reglamento de la Ley General del Servicio Militar son: López Rodríguez, José, del Ayuntamiento de Abadín; Cendán Bolaño, Miguel, de Barreiros; Príncipe Rodríguez, Vicente, de Becerreá; Iglesias Devesa, Jorge, de Corgo; Álvarez Arza, José, de Folgoso de Caurel; López

García, José, de Guitiriz; Gómez Gómez, Juan, de Xove; González Jurjo, Adolfo, de Láncara; López Muño, Manuel, de Mondoñedo; Barral Jiménez, Adolfo y Jiménez Gabarri, Juan, ambos de Monforte; Fernández Pérez, Francisco, de Navia de Suarna; Varela Nieves, Enrique, de Pantón; Chaignon Armesto, Gustavo, de Pedrafita; Fernández González, Miguel, de Saviñao y Debasa Debasa, Fernando, de Villalba.

Cursos de especialización en Lengua Gallega

La Delegación de Educación informa de la convocatoria de cursos para la formación de profesores de EGB especialistas en «Lengua Gallega». Las solicitudes para tomar parte en estos cursos se presentarán hasta el 5 de septiembre, en la delegación correspondiente. La Delegación de Educación también informa a todas las personas que deseen tomar parte en las pruebas para la obtención del título de graduado escolar, que se celebrarán en septiembre próximo, que el plazo de presentación de instancias será del 16 al 31 del presente mes de agosto, ambos inclusive.

A Terra Cha: Creencias, bruxerías e supersticións (y II) A guardia de tesouros nunca a teñen os trasnos, senon os demos maiores

A Terra Chá, hospitaleira de seu, tamén soubo ser agasalreira cos trasnos, anque hai cousa de corenta anos deixábase ver moito máis ca hoxe. Non sei se o seu acubillamento nun tempo a esta banda será debido a que por ahí estean atomorizados pola proliferación da pólvora, ou acomplexadados polos seriais de televisión mercados ós norteamericanos, ou, se por un casual, as aparicións en público coincidirán con tempos de máis incultura, ou, se cadra, a que abundan máis os cregos e non cregos que saben ler e desler e menos os que se adican a desmontar lombrigas e a desconxurar-los vermes dos hortos.

Eu non hai aínda moito tempo que din sabido a ciencia certa o que son realmente os trasnos. Soubeno de don Anxel Fole, que tanto desta coma doutras materias sabe canto hai que saber. Trátase, polo visto, dos últimos anos insurreitos afastados do ceo. Cando estes anxos cachazudos deron chegada á terra, na súa calda camiño do averno, xa se pechara o paso, e agora, andan estes demións pequenos, eternamente vagantes polo mundo, facendo mil falcaturadas; poñer por caso: embarca-las cuncas nas espeteiras, tiralos páns dos galleiros, xirringar xorros de auga fría que ningún sabe de onde procede, enguedellarlle-lo pelo ás mulleres de noite e cousas así. Do que gustan moito é de aparecerse en forma de canciño ou cabritoño branco aterecido de frío e desque alguén, condoído das súas mágoas, os arreaqueta ben quentiños, foxen deixando tras si unha volvoreta de fume con cheiro de xofre, polas lumieiras ou polas chemineas. As veces antes de fuxir aínda andan de brinquetes pola ocoña, empolicándose na garamalleira ou ríndose de quen les fixo ben desde o cumio do guindais. Visita obligada dos trasnos eran os miñóns cando se moía de noite.

A diferencia dos demos maiores, dos que se cré que non faltan por nada á palabra dada, segundo experimentou Siderol, os trasnos gozan de moi pouco creto. Será por iso polo que os seus xefes xeráquicos nunca lles encomendan tratos de peso, poñamos por caso: mercar almas, descubrir públicamente os pecados dos fidalgos, ou gardar tesouros —que son moitos os gardados por demos—. Estes mesteres son máis propios dos demos maiores e medianos, que gustan de vestir de levita e chapeu negro e falan a cotío castelán ó estilo dos diputados, conforme re-

collera do pobo Vicente Risco.

Esta creencia nos trasnos e demachios prevé aínda moi entendida pola nosa bisbarra, de xeito que resulta doado atoparse hoxe en día con xente que afirma telos visto e latricado con eles.

Tesouros

En tesouros tampouco nos quedamos curtos na Chaira, anque sería laboura abondo dificultosa tentar de facer unha relación pormenorizada de todos eles; xa que os hai soterrados en cada castro, en cada cova, en cada croa, en cada castelo ou fortaleza, en cada muralla, en cada home e muller chairegos, de seu natural repousados, pacíficos e serviciais, pero tamén valentes, coraxudos e indómitos de chegada ásapuradas.

Postos a citar algúns deses incontables nosos tesouros, é de razón comenza por aquel que recolle o pergameo atopado no castelo morisco de Don Gutierre de Altamira aló polo ano mil sesenta e cinco. Refírome ó tesouro de Bardán, na feriglesia de Bazar, consistente nun bol de ouro sen armas que o defendan e enterrado á profundidade da estatura de dous homes de talla normal. Outro dos «catalogados» no mesmo pergameo está á saída de Torneiros, trinta pasos pró sol ó mediodía, protexido por unha bóveda de doce brazos cadrados. Hai quen quere levar este tesouro para o Torneiros de Porriño, pero ser é do de Pol: que mo demostrou a min un veciño dalí, brigada retirada da Lexión, que tivo acceso en Marrakex ó «Grand Grimore et la Magie Noire».

Claro que outros tesouros tén habido que xa non hai; porque moitos deles foron descubertos a comenzo do século decesete polo licenciado indiano Vázquez de Orjas e os seus imitadores que se adicaron a abrir mámoas mentres habían dormi-la sesta. E máis, así e todo, os veciños de Lanzós que foron abrida de Porto da Pedra aínda foron respetuosos, polo que nos conta Amor Meilán: xa que levaron consigo unha cruz e auga e velas benditas coma se foran para un bautizo ou un enterro.

Algúns dos outros tesouros non «catalogados», pero dos que consta da súa existencia por transmisión oral son: a pel dun boi chea de ouro nas murallas de Castro de Rei, un bocoi tamén cheo de ouro no castro de Duatría, protexido por outro das mesmas proporcións cheo de alquitrán igual que acontece coas Penas das Rodas, unha grade de «plata y oro» cerca

de Begonte e moitos máis que, como xa dixen, sería longo de contar aquí, ademais de resultar irreverente para os mouros que os enterraron.

Relixiosidade

Coido que queda probado que os chairegos non deixamos quedar mal a Cunqueiro naquela definición que él dera de Galicia como País de creadores en encantos e meigas e trasnos e tesouros escondidos; pero tampouco somos excepción os habitantes da Terra Chá dentro do conxunto de irmandades galegas que maioritariamente vimos sustentando a necesidade de todo home de abrirse á transcendencia na multiseccional fe católica. Esta fe, de seu ben enraizada en toda Galicia, foi aquí especialmente ben regada e traballada polo santo misionero popular nado en San Xulián de Mós, García Abad. Proba desta rexa raigame do cristianismo témolra nas tradicións e relixiosidade populares e na maioría dos comportamentos individuais dos chairegos. Botemos, senon, unha ollada ós numerosos santuarios sementados a máns cheas pola Chaira, entre os que meren especial mención: Os Milagres de Saavedra, As Angustias de Arcos, Nosa Señora do Monte, A Trindá en Vixán, Santa Mariña de Ramil, A Virxe do Carne en Oleiros, San Alberte, abogado de tateos, en San Breixo, San Fiz en Robra, San Adrián co seu coitelo curatado en Goiriz...

Lástima que tantas veces, por inñorancia ou por comenencia, como nos alertou Rodríguez López, a verdadeira fe se vexa tan misturada de supersticións e mesmo de máxia; de maneira que pregos, ritos e comportamentos teñan de xenerado en auténticas hruxerías. Tal é o caso, por poñer un exemplo sinxelo, do responso de San Antón, no que moitas veces o que conta non é a devoción ó Santo, senón o acerto en decilas palabras sen o máis pequeno erro. A virtude, logo, da oración estaría nas «palabras» e non na intersección do Santo, e iso é máxia.

Creencias varias

Aínda quedaría moito que decir sobre as creencias espalladas pola Terra Chá nos avisos da morte, nos mortos aparecidos, na virtude curativa dalgunhas árbores, no poder de certas oracións para quita-lo «fuego», ergue-la paletilla, liberar reses de atrancos nas galaxes, nas desgracias que poden provir das capaduras do cuco, na pavoría que infunden os lobos, nas fadas, no borallo do San Xoán como prevención contra o formigo das vacas, na forza do loureiro bendito contra centellas e meigallos e no pecado de desfacer-los niños das andurriñas; pero falar de todo iso sobrepasaría con moito as lindes propias dun artigo para un xornal.

A min gustaríame —e poida que esteña trabucado—, que non se perdesen as nosas tradicións cos derradeiros veñiños que van finando; pero tamén que se conservasen como lendas ou contos do noso bagaxe cultural, e non como creencias ou prácticas supersticiosas e de incultura, que poden causar serios inconvenientes para a saúde física e psíquica dos habitantes deste fermoso anaquión de terra de Noso Señor e tamén nosa M. T. V.

La Magistratura pone a subasta bienes de la cerámica de Bóveda por cuatro millones

Lugo (Redacción). La Magistratura de Trabajo número uno de Lugo fijó para el día 17 de septiembre, a las doce de la mañana, la subasta de bienes embargados a la empresa Cerámica San Gil, a instancia de José Pérez Losada y otros, valorados en tres millones trescientas cuarenta y cuatro mil pesetas. Los citados bienes se encuentran depositados en los locales de la empresa ejecutada, en Bóveda. Los bienes están agrupados en tres lotes.

Constitución de Asociaciones de Empresarios
Ante la Dirección provincial del Instituto de Mediación, Arbitraje y Conciliación

fueron presentados los estatutos de la Asociación provincial de Empresarios de Pompas y Agencias Funcionarias, con Antonio López Sánchez y otros cuatro firmantes más.

En el IMAC también fueron depositados los estatutos de la Asociación de Trabajadores Autónomos, Profesionales titulares de Pequeña y Mediana Empresa del Partido Judicial de Mondoñedo. Firma la constitución Cayetano González García y 19 personas más.

Instalación eléctrica

El Servicio Provincial de Lugo de la Consellería de Industria autorizó a Horlusa para la instalación de línea eléctrica aérea a

20 kv de 220 metros de longitud, próxima a la carretera de Paradela y Castro de Rei.

Embargo de un Dodge-Dart por deudas municipales

La recaudación ejecutiva del Ayuntamiento de Lugo inició procedimiento de apremio contra Carlos Castro Sanfíz por deudas municipales por el impuesto de circulación y otros de los años 1981-82 y 83 por importe de 21.800 de principal, 4.360 de recargo de apremio y 14.000 de presupuesto para costas y gastos de procedimiento. Para el cobro de dichos débitos municipales le han embargado un Dodge-Dart valorado en 50.000 pesetas.